Galicia Encantada



Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Don Blas de Lagariza

En Lagariza, Vilar de Ortelle, concello de Pantón (Lugo) hai unha casa grande, a Casa de Lagariza. Un dos seus antigos propietarios foi o cabaleiro don Blas, home poderoso, dono dun cabalo branco ferrado con ferraduras de prata.

Don Blas, para demostrar o seu poderío, subía as escaleiras desde o patio ata a sala de armas montado dacabalo.

A riqueza víñalle do cobro dun trabuco de paso polo patio da casa e dise que don Blas se deitaba sen cartos e levantábase rico.

Por iso lle dicían nos amenceres: □Arriba, don Blas, con sesenta mil reás□.

[Texto elaborado a partir da información achegada por unha descendente da Casa de Lagariza, Vilar de Ortelle, Pantón (Lugo)]

COMENTARIOS ENVIADOS

Sería moi interesante que non se perdese todo este patrimonio. Con cada vello morre unha enciclopedia cando este desaparece.

Pantón ten moito material que recoller pero falta quen o faga.
Gracias por estas escritas da Casa da Lagariza. por certo das máis antigas do Concello, concretamente a sua adega aparece xa referenciada en testos do séxulo IX, parece ser.

Enviado por Javier o 20/03/2010 ás 21:42:08

Todo esto se perde e non hai ninguén que o escriba.
Con cada vell@ que desaparece tamén se vai unha enciclopedia.
Gracias por rescatar estas lendas.
Por certo A Casa da Lagariza é unha das máis antigas de Pantón. A súa adega aparece documentada no século IX
Grazas de novo

Enviado por Javier o 20/03/2010 ás 21:58:33